



BANDO

RECOMENDACIÓNS PARA UN CONSUMO RESPONSABLE DA AUGA

Ante a situación actual das reservas de auga e co obxectivo de garantir un uso sostible deste recurso esencial, o Concello fai un chamamento á colaboración e responsabilidade de toda a veciñanza para evitar consumos innecesarios de auga potable. As seguintes recomendacións foron trasladadas pola Mancomunidade de Concellos de Ferrolterra, co fin de fomentar un consumo responsable da auga e contribuír á conservación das reservas dispoñibles.

RECOMÉNDASE Á CIDADANÍA:

- Reducir ao máximo o consumo de auga potable en todos aqueles usos que non sexan imprescindibles.
- Evitar ou limitar o rego de xardíns, céspedes, hortas e zonas verdes con auga da rede, especialmente nas horas de maior calor.
- Priorizar o uso de sistemas de rego eficientes e, sempre que sexa posible, empregar auga de choiva ou reutilizada.
- Non encher nin repoñer auga en piscinas particulares, desmontables ou permanentes, salvo cando sexa estritamente necesario por motivos de mantemento.
- Manter as piscinas cubertas para reducir a evaporación da auga.
- Non lavar vehículos en domicilios particulares. Recoméndase utilizar estacións de lavado que dispoñan de sistemas de aforro e reutilización da auga.
- Evitar o baldeo de rúas, patios, terrazas, fachadas, garaxes ou calquera outro espazo exterior con auga potable. Sempre que sexa posible, utilizar vasoira en lugar de manguera.
- Reducir ou evitar o funcionamento de fontes ornamentais ou elementos decorativos que consuman auga, agás aqueles que contén con circuíto pechado.
- Pechar a billa sempre que non se estea utilizando, especialmente durante o cepillado dos dentes, o afeitado ou o enxaboado das mans e da louza.
- Ducharse en lugar de bañarse e reducir o tempo das duchas.
- Recoller a auga mentres se espera a que quente para darlle un segundo uso (regar plantas, limpeza, etc.).
- Utilizar lavadoras e lavalouzas unicamente cando estean a carga completa e seleccionar programas de aforro de auga.
- Lavar froitas e verduras nun recipiente en lugar de facelo baixo a billa aberta.
- Desconxelar os alimentos no frigorífico e non utilizando auga corrente.
- Revisar periodicamente billas, cisternas, mangueras e instalacións para detectar posibles fugas.
- Instalar dispositivos aforradores como redutores de caudal, difusores ou cisternas de dobre descarga.
- Escoller, sempre que sexa posible, electrodomésticos con baixo consumo de auga.
- Aproveitar a auga da choiva mediante depósitos para usos compatibles.
- Regar as plantas ao amencer ou ao solpor para minimizar a evaporación.
- Empregar especies vexetais adaptadas ao clima e con menores necesidades hídricas.

COMPROMISO COLECTIVO

A colaboración de toda a veciñanza é fundamental para garantir o abastecemento e facer un uso responsable dun recurso esencial como é a auga.

O Concello continuará realizando un seguimento permanente da evolución das reservas e da situación do abastecemento. No caso de que as circunstancias o fagan necesario, poderán adoptarse novas medidas para garantir a dispoñibilidade de auga para os usos prioritarios. Grazas pola vosa colaboración e compromiso.

Juan Domingo de Deus Fonticoba
Alcalde de Mugardos